

CREA TU PROPIA SUERTE»

Ediciones Pirámide, 2009. Peter M. Kash

Ninguén vains dar o traballo perfecto. A sorte hai que procurala e o importante é ter claro a que temos que dedicar a nosa enerxía e o noso compromiso. Deste xeito teremos máis posibilidades de acadar o que queremos na vida. Este libro é unha guía práctica que nos achega unha folla de ruta xeral para acadar a meta que desexamos e que nos axuda a satisfacer as necesidades básicas no noso traballo e na nosa carreira. O primeiro paso para conseguir tal cambio é ter claro que queremos acadar da nosa vida profesional e o segundo é saber que é o que temos que facer para cubrir esas necesidades.



CÓMO CREAR UNA MARCA»

Editorial Almuzara, 2009. J. David Fernández e F. Labarta

A colección Economía e empresa desta coñecida editorial cordobesa vén de publicar un “manual de uso e xestión” sobre o que pode achegar a unha empresa unha xestión coherente de marca, o que non resulta unha tarefa sinxela. Este libro contén unha análise desenfadada, fresca e divertida do universo das marcas. Os autores, profesionais ben curtidos no ámbito, explican de xeito ameno en que consiste xestionar unha marca e as claves dun bo plan. En suma, ensinan e ilustran a través da súa propia aprendizaxe. Pero detrás do ton informal oútréstrase unha fonda e útil reflexión.





IMAGEN CORPORATIVA»

Editorial ESIC, 2009. Joaquín Sánchez e Teresa Pintado

A imaxe corporativa é un dos factores fundamentais dentro das organizacións e que non sempre se coida como merece. Dada a complexidade desta área, o libro ten un enfoque teórico e práctico, incluíndo casos como os de Apple, Spanair, Bancaja, BBVA, RTVE, Coca Cola e moitos outros, que ilustran perfectamente os diferentes xeitos de abordar a análise e a xestión profesional da imaxe corporativa. Tamén quedan recollidas as últimas tendencias nesta área e os retos que presentarán no futuro todos os aspectos relacionados coa imaxe nas organizacións empresariais.



UN MISTERIO FRENTE A TUS NARICES»

Ed. Empresa Activa, 2009. Helena Agramunt

O traballo, a familia, as obrigas sociais...; é difícil xestionar o tempo e pouco a pouco imos entrando nunha rolda imperceptible que atrapa a nosa enerxía e vitalidade. A historia de Julia, a protagonista deste libro, achega ao lector unha reflexión acerca da orixe de moitos dos conflitos que manexamos no traballo e na vida. Non é unha obriga ser feliz, pero si un dereito vivir en harmonía, e para iso debemos responder dos nosos actos, en lugar de reaccionar ante eles. A autora deste traballo, Elena Agramunt, é especialista en Resolución de Conflictos e Técnicas de Coaching e imparte clases en centros universitarios e escolas de negocios.